

Noite sobre os tellados dun barrio vello de Vigo. Tellados cheos de antenas de TV. Terraza á que dan as fiestras dun ático. Unha de fronte, outra á esquerda e outra á dereita, plantas, roupa tendida e sobre todo a lúa. Soa unha serea que se afasta.

ESCENA PRIMEIRA

Terraza baleira. Á esquerda aparecen cunha lanterna, asomando pouco a pouco ISOLDA, EDELMIRA e HERMINDA

ISOLDA: *(Con sixilo)* Non hai ninguén. Veña, Edelmira, que cada día es máis toupa. *(Salta á terraza).*

EDELMIRA: Que toupa nin que gaitas. O que pasa é que me toca a min levar todos os vultos, e claro, así ben podedes ir vós lixeiriñas.

HERMINDA: Para iso es ti a que ten máis forza. Veña, trae. *(EDELMIRA dálle un aparello de camping gas e logo unha cacerola que cae producindo un grande ruído)*

ISOLDA: Cala! Queres espertar a todo ser vivo?

HERMINDA: Cala ti e non me poñas nerviosa.

EDELMIRA: Ben, e agora a esperar a esa pasmona.

ISOLDA: Seguro que lle dixeches ben a hora? Porque vai ti a saber se aparece ás tantas da mañán.

EDELMIRA: Claro que llo dixen...

HERMINDA: Calade, que vén aí *(Ilúminase a outra fiestra, ábrese e aparece a cabeza de CRÍSPULA)*

CRÍSPULA: Ai, filliñas, veño esperneada *(Axúdana a saír pola fiestra)*. Ai, filliñas miñas *(Bícanse)*. Que ledicia vervos! Isolda, que ben te vexo; e ti, Edelmira, estás igualiña. Herminda, estás estupenda...

EDELMIRA: Tamén tí estás moi ben. Igualiño que a última vez.

CRÍSPULA: Cala, cada día cústame máis lembrarme das cousas. Estou feita un desastre.

ISOLDA: A ver, filliña, os séculos non pasan en balde.

CRÍSPULA: Si, si, porca envexa, mona, que estás feita unha pena.

ISOLDA: Envexa? Envexa de que? Se estás feita una miseria.

EDELMIRA: Eh, parade o carro. Xa ides empezar...?

ISOLDA: Pero se é esta fregona que se pon de seguida a me insultar.

HERMINDA: E quen empezou, eh? Quen empezou a insultar con ese anaco de lingua velenosa que tes?

CRÍSPULA: Anda ti tamén. Se reventaras, pedorra!

EDELMIRA: Pero xa estades liadas outra vez? Que trío, recoño! Sempre estades nas mesmas! ¡Somos poucas e mal arranxadas! Así non imos a ningures. Deberíamos estar unidas e non pelexarnos como rapazas histéricas. Xa non somos unhas meniñas de primaria!

ISOLDA: Sobre todo esta vella bruxa *(A CRÍSPULA)*.

CRÍSPULA: Mira, Edelmira, se non lle dis a esta momia que cale, eu marcho, vale? Marcho!

EDELMIRA: Xa me tendes farta. Hoxe é un día de festa, por se non o sabíades. Mirade a lúa! Non podíamos ter unha noite mellor, e vós teimades con mandar todo ao carallo coas vosas liortas *(A CRÍSPULA)* Trouxeches todo?

CRÍSPULA: Creo que si *(Rebusca no seu bolso sacando toda clase de obxectos)*. Si... aquí teño o lagarto seco e as unllas de morcego. Ah! Aquí teño a lingua de morto.

ISOLDA: A iso chamas ti lingua de morto? Pero se parece un grelo seco. Pois si que está ben a materia prima!

CRÍSPULA: Acabouse! *(Empeza a recoller todos os obxectos)* Non vos aturo máis. Marcho! Marcho!

ISOLDA: Pero pode saberse, meniña, que tripa se che rompeu agora? Eu só llo dixen...

EDELMIRA: Cala, Isolda! Coa crise que temos e vos rifando coma gatas (*A CRÍSPULA*). Non fagas caso, esa lingua de morto está moi ben. Non estará moi fresca, pero valerá perfectamente.

CRÍSPULA: A ver se creedes que é doado atopar unha lingua de morto fresca! Esta tíña gardada como reserva. Corteilla a un sarxento de na guerra do 36 (*Sácaa de novo e amósaa*)

EDELMIRA: Ben, pois... Que podemos facer desta vez?

HERMINDA: Ai, non sei. Decídide vós. A min non se me vos ocorre nada.

EDELMIRA: Veña, que non se diga que non tendes imaxinación. Sempre haberá unha maldada nova e orixinal que facer.

CRÍSPULA: Ás veces penso que somos unhas vellas meigas ridículas, pasadas de moda e facendo maldades de pacotilla.

HERMINDA: Pois aquilo de levantar aos mortos foi unha risa..

CRÍSPULA: Bah! Inocentadas de colexio de monxas.

HERMINDA: E logo o de converter o fillo do alcalde en porquiño?

CRÍSPULA: Bah! Xogos de nenos.

HERMINDA: Pois filliñas, vós diredes (*Silencio, escóitase unha serea e uns disparos*).

CRÍSPULA: Sabedes, miñas irmás! Pode que me estea volvendo tola, pero...

ISOLDA: De seguro que tes razón.

EDELMIRA: Isolda! Cala! (*A CRÍSPULA*) Qué dicías?

CRÍSPULA: Case me dá vergoña dicilo, pero, en fin... É que inda que vou indo vella, ocrreseme cada cousa...

HERMINDA: Xa, xa, canto máis vella, máis chench.

EDELMIRA: Herminda!

CRÍSPULA: Non sei... É un pouco forte, pero... E se fixesemos algo bo... bo de verdade (*Silencio*)

EDELMIRA: (*Escandalizada*) Crispula, por favor. Como que algo bo?

CRÍSPULA: Pois iso, algo bo... Algunha bondade.

ISOLDA: O que faltaba, a vella curuxa toleou.

HERMINDA: Pero Crispula, por favor, á nosa idade. Como se che ocorre?

CRÍSPULA: É por cambiar... Non sei...

EDELMIRA: (*Pensando*) Algo bo...

CRÍSPULA: Imaxínade... axudar, por exemplo, a unha nena orfa.

EDELMIRA: (*Estremecéndose*) Non che sei... Paréceme algo esaxerado.

CRÍSPULA: Veña...

ISOLDA: Pero algo bo..., como?, a quen?

ESCENA SEGUNDA

Aparece SABINA. En pixama. Asusta ao ver ás meigas que a arrodean.

ISOLDA: Vaia, vaia, mirade a quen temos aquí?

CRÍSPULA: Isto é o que se chama unha fermosa rapariga.

EDELMIRA: E en pixama. Que fas a esta hora por aquí?

HERMINDA: (*Cómplice*) Nada bo, supoño.

CRÍSPULA: Deberías estar na cama.

HERMINDA: ... Ou ves ver ao teu mozo? (*Rin as meigas*)

SABINA: Calade xa, vellas borrachonas! Déixademe pasar!

(Cabreadas, en silencio. Logo, berros)

ISOLDA: Que?

CRÍSPULA: Oístes?

EDELMIRA: Vellas borrachonas! Esta vai saber quen somos nós. Ven aquí, mala pécora!

SABINA: Non me dá a gana.

HERMINDA: Agarda, Edelmira. Agardade todas. Ao millor está rapariga é orfa...

SABINA: Que pasa? Deixádesme pasar ou non? Non quero falar convosco.

EDELMIRA: Xa vedes. aquí a señorita non quere saber nada dos nosos negocios.

SABINA: Negocios? Pois se queredes facer negocios comigo estades apañadas. Eu non teño un céntimo.

CRÍSPULA: Vedes? É pobre!

SABINA: *(Enfadada)* Si, e qué?

ISOLDA: Con un pouco de sorte tamén é orfa.

HERMINDA: *(A SABINA)* Non serás orfa, ou?

SABINA: Pois si, son orfa. Pasa algo? Está prohibido?

(Barullo e comentario entre as meigas)

CRÍSPULA: É orfa!

HERMINDA: É orfa!

ISOLDA: Orfa de verdade!

EDELMIRA: É pobre! O que máis me convence e que é pobre!

SABINA: *(Moi enfadada)* Xa está ben de tanta mala uva. Ou sexa que unha é orfa e pobre e aínda por riba rídesvos de min, non? Ide a merda e deixádesme en paz.

EDELMIRA: Á merda! Mandounos á merda a anana esta.

ISOLDA: *(A SABINA)* Veña, pequena, cálmate.

SABINA: Xa está ben, non? Déixademe en paz ou póñome a berrar ata despertar ao meu pai.

(Silencio das meigas)

CRÍSPULA: Teu pai?

ISOLDA: Pero, non eras orfa?

SABINA: De nai, son orfa de nai. Que pasa? Non é bastante orfandade?

HERMINDA: Muller, preferiríamos algo máis completo.

EDELMIRA: Alomenos o teu pai estará no paro, non?

SABINA: Non, xa non está no paro.

EDELMIRA: *(Contrariada)* Vaia.

SABINA: Agora traballa de mecánico... nun petroleiro que vai polos países árabes. Vanlle pagar moito, e cando veña, acabouse a miseria. Prometeume unha televisión de plasma, un DVD grabador, un teléfono móbil, e eu que sei cantas cousas máis.

HERMINDA: Entón, estás soa?

SABINA: Non, vivo coa miña avoa *(Sinala cara a adentro)*

ISOLDA: Pois aínda que non sexa completamente orfa, a min paréceme que está bastante ben.

HERMINDA: Eu creo que pode servir.

SABINA: Que pasa? Que queredes facer comigo?

CRÍSPULA: Nada, nada. Que desconfiada es, filliña!

SABINA: Home, coa pinta que tedes, e coma para ter a mosca tras a orella.

CRÍSPULA: Ti non teñas medo.

SABINA: Non teño medo. É que da mala espiña ver a catro vellas a estas horas por riba dos tellados.

EDELMIRA: Veña! E dálle co de vellas! Mira, nena...

CRÍSPULA: Vale, vale, Edelmira. (*A Sabina*) Así que vives soa coa túa avoa?

SABINA: Si, pero só ata que veña o meu pai. Logo iremos a vivir a un chalé con piscina.

CRÍSPULA: Gustaríache vivir nun chalé con piscina?

HERMINDA: Coma unha pija.

CRÍSPULA: Védelo? Podemos axudarlle (*A Sabina*). Mira, nena, nós queremos axudarche a conseguir todas esas cousas...

SABINA: (*Incrédula e despectiva*) Vós?

ISOLDA: (*Cunha reverencia*) Nós.

SABINA: Pois si que tedes unha pinta como para andar regalando nada.

EDELMIRA: escoita, rapaza. Un respecto. Aquí onde nos ves somos...

CRÍSPULA: (*Interrompendo*)... unhas filántropas!

SABINA, EDELMIRA, ISOLDA E HERMINDA: Unhas que?

CRÍSPULA: Unhas filántropas. Non sabes o que é iso? (*Sabina fai un xesto de ignorancia*)

ISOLDA: Pois anda que eu (*Fai o mesmo xesto*)

CRÍSPULA: Unhas filántropas somos unhas donas boísimas e finísimas que axudamos aos pobres e aos orfos.

SABINA: Pero en que me ides axudar a min?

CRÍSPULA: Pois regalámoste unha televisión de plasma, con pantalla aerodinámica...

HERMINDA: Con mando a distancia e TDT incorporada...

EDELMIRA: Ou outra cousa que ti queiras.

SABINA: Pero todo iso xa mo vai regalar meu pai cando veña de Kuwait. Vaime traer todo o que lle pida.

EDELMIRA: O que eu dicía. Aquí a princesiña non quere saber nada das nosas bondades...

HERMINDA: Se non quere nada, que o diga, e en paz. Nós buscamos outro pobre que sexa máis orfo que ela.

SABINA: (*A CRÍSPULA*) As túas amigas pásalles o da miña avoa, que están dos nervios.

ISOLDA: Dos nervios? Pero cantas cousas máis hai que aturalle a esta pécora?

CRÍSPULA: Calma, calma... A ver, a ver... Filliña, algunha cousas haberá que queiras. Algo que non che poda traer o teu pai.

SABINA: Non sei, é que me vai traer de todo.

HERMINDA: Algunha cousas haberá, que non sexa de comprar.

SABINA: Que non sexa de comprar? Pois... non che sei. Pero se non é de comprar, como mo ides dar?

ISOLDA: E que nós somos como, como ... fadas

SABINA: Marcho. Tiña eu razón. Debedes estar borrachas coma cubas.

HERMINDA: Borrachas?

SABINA: E que se non, non entendo tanta mala uva. Non sei porque non escollestes outra persoa para vos burlar. Deixádeme en paz. Ogallá vos caides polo tellado abaixo.

EDELMIRA: A ti si que che vou romper eu algo (*Empeza a botarlle un meigallo*) Áspula, Háspula, Miraghalla, Miragháspula...

CRÍSPULA: Quieta, Edelmira.

SABINA: Vellas bruxas!

EDELMIRA: Bo, por fin deixas de insultar. Pero non sei como o adiviñaches.

HERMINDA: E que non temos cara de fadas filantrópicas.

CRÍSPULA: Así que se nos nota moito?

SABINA: Un momento, non me iredes a dicir agora que sodes meigas.

CRÍSPULA: Pois si...

SABINA: Vós o que pasa é que escapastes do Rebullón. Primeiro filántropas, despois fadas, agora meigas...

CRÍSPULA: Logo non cres que sexamos meigas?

SABINA: Pero como vou tragar eu iso?

CRÍSPULA: Queres unha demostración?

SABINA: Unha demostración?

CRÍSPULA: Si... unha proba

SABINA: Ben... se me facedes unha proba.

HERMINDA: A ver que proba fas

EDELMIRA: Iso, a ver que fas...

CRÍSPULA: *(Empeza a botar o meigallo).* Sa-sa-frás *(Hai un gran estrondo e de repente, a noite convértese en día)*

SABINA: Como o fixeches?

ISOLDA: Xa cho dixemos... Somos meigas.

HERMINDA: Cresnos?

SABINA: Si, si... se eu mo creo.

CRÍSPULA: Xa é suficiente a proba?

SABINA: Si, si.

CRÍSPULA: Está ben. Sa-sa-frás! *(Todo recupera a normalidade)*

EDELMIRA: Ben, agora só che falta pedir.

SABINA: Xa, pero non se me ocorre nada...

CRÍSPULA: Imos ver, neniña, algo haberá que queiras ter e non podas.

ISOLDA: Claro, ao mellor gustaríache convertíreste nalgo... nalgo bonito.

EDELMIRA: Iso, en rata, ou en morcego...

HERMINDA: Ou en Miss España, ou ir a Gran Hermano...

SABINA: *(Pensativa)* Algo dese estilo, si... Hai unha cousa cousa que me gustaría moito... pero... non sei.

EDELMIRA: Eureka! Xa era hora de que a meniña se decidise...

ISOLDA: Veña, veña, que é?

SABINA: Pois gustaríame vivir unha aventura romántica...

(Longo silencio)

ISOLDA: Que?

CRÍSPULA: Unha... aventura... romántica?

SABINA: Pois, si... unha aventura romántica

ISOLDA: Pero imos ver, rapaciña... Non podías ser un pouco menos fantástica?

HERMINDA: Un pouco menos... abstracta?

SABINA: Ou sexa, que xa empezamos a recuar.

EDELMIRA: Dende logo, os pobres xa non son o que eran.

ISOLDA: Pois a ver como facemos isto. Falo ti, e logo arranxamos contas *(A CRÍSPULA)*

HERMINDA: Iso... Despois de todo foi idea túa.

CRÍSPULA: Vellas bruxas! Camándulas! De aquí non se move ninguén. Todas a concentrarse, a ver se sae o meigallo...

SABINA: Entón, que?

CRÍSPULA: Farase o que se poida, pequena, farase o que se poida.

(Póñense as catro en círculo e comencan a danzar e cantar. SABINA contémplaas atemorizada e divertida. De súpeto desaparecen)

ESCENA TERCEIRA

SABINA: Eh, onde estades? E que pasa con meu? Marcharon... Vellas mentireiras.

(Aparece Xerardo Bon, o galán desta obra. Elegantemente vestido de festa. Mirando cara atrás e cara arriba, como escapando dalgunha ameaza. Non ve a Sabina e ela tampouco o ve. Tropeza con ela, que berra)

SABINA: Ah!

XERARDO: *(Tápalle a boca)* Shhhhh! Non berre... Perdoe *(retíralle a man da boca)*. Perdoe, pero non grite, por favor. Podería dicirme onde podo agocharme?

SABINA: Agocharse?

XERARDO: Persíguenme *(Cóllelle as mans)*. Por favor *(Empeza a sentirse o son dun helicóptero que se achega)*. Son eles, aí están!

SABINA: Quen?

XERARDO: Por favor!

SABINA: *(Tras dubidar)* Está ben.. Métase aí *(Sinala a fiestra)*

XERARDO: Está ben, alá vou *(Entra pola fiestra. Aumenta o volume do son dun helicóptero e a luz dun foco vai barrendo o patio de butacas e a escena. XERARDO, dende dentro)* Veña, ven para adentro. *(SABINA entra. Diminúe o son do helicóptero, que se afasta. Silencio. Asoman XERARDO e SABINA as cabezas pola fiestra)*. Pois, xa se foron...

SABINA: Entón, xa podes saír do meu cuarto, non? *(Sae XERARDO e axuda a Sabina a saír)* Son policías?

XERARDO: Non, non son policías.

SABINA: Entón, ti es policía, axente secreto?

XERARDO: Non, tampouco son policía.

SABINA: Quen es, logo?

XERARDO: Chámome Bon, Xerardo Bon. E ti?

SABINA: Lusquiños, Sabina Lusquiños.

XERARDO: Sabina... É un nome moi bonito.

SABINA: Sí? Bah, normal. A min góstame máis Vanesa.

XERARDO: Que va! Sabina é moito máis bonito que Vanesa.

SABINA: Ben... pois grazas.

XERARDO: Non, grazas a ti, que me salvaches. Déboche a vida. Case me collen.

SABINA: Ben, pois... daquela... de nada

(Silenzo)

SABINA: Quen eran?

XERARDO: Mala xente... Non me preguntes. É mellor que non saibas nada. Canto menos saibas do asunto, mellor. Eu vou marchar, e se alguén che pregunta, non viches nada. Veña, volve para a cama. ... Por certo, que fas a pé? *(Mira o reloxo)* Son as tres da mañá

SABINA: Pois é que non tiña sono, saín a tomar o aire, e cando volvía para a cama apareceron catro vellas e eu que sei o barullo que me montaron.

XERARDO: Cantos anos tes?

SABINA: Dezaioito... Dezasete

XERARDO: Catorce...

SABINA: Dezaséis. Estou en 4º da ESO, xúrocho.

XERARDO: De tódolos xeitos... iso de andar en pixama polos tellados a esta hora...

SABINA: Ti tamén andas polos tellados as tres da mañá.

XERARDO: Si, pero eu non vou en camisón (*Ri, e SABINA tamén ri*). Ben, pois, adeus, e métete na cama que mañá é día de clase. (*Fai o xesto de irse*)

SABINA: Agarda. Só dime por que te perseguen.

XERARDO: Cando alguén te persegue é porque quere algo de ti.

SABINA: Quérenche quitar algo? (*XERARDO asinte*) Algo de moitos cartos? (*idem*). Móstramo.

XERARDO: Vale, pero logo voume e ti volve para a cama, de acordo? (*Saca do peto un colar de diamantes. SABINA mírao abraiada*)

SABINA: É de diamantes? Diamantes de verdade?... E os do helicóptero quérencho quitar... Non me estrana, déixame tocalo. .. Parece de neve.

XERARDO: Queres poñelo? En serio, pono. Seguro que che senta moi ben. (*Ponlle con delicadeza o colar a Sabina*)

SABINA: Que tal me senta?

XERARDO: Pareces unha princesa. A princesa dos tellados.

SABINA: Espera un intre. (*Entra pola fiestra*)

XERARDO: Onde vas?

SABINA: (*Asoma a cabeza*) A buscar un espello para verme.

XERARDO: Está ben, pero bule, que teño que irme (*Pausa. XERARDO mira con inquedanza ao seu redor. Escóitanse lonxanas sereas da policía que se achegan. Mira cara abaixo*). O que faltaba, agora estes (*Sae SABINA co espello na man*). Teño que irme.

SABINA: Pero deixa que me mire un pouco. (*Mírase no espello, e suspira*). É precioso. Da mágoa quitalo. Se volven as meigas pedireille un coma este, mellor que o outro que lles pedín. Quitamo, anda, que eu non podo.

XERARDO: A ver, (*manipula*), vaia, home, agora non podo...

SABINA: Ai, que me tiras do pelo!

Voz de MARTÍNEZ: Por alí, mire vostede ben.

XERARDO: Perdoa... Mardita sexa. (*Achéganse as voces*). Aí veñen.

SABINA: Ai!! Outra vez? Son os do helicóptero? Ai!

XERARDO: Si... ben. Pode que outros.

SABINA: Pero, é que todo o mundo che quere quitar o colar? Ai!

XERARDO: Maldita sexa! Adentro, adentro (*Cóllea e introdúcense pola fiestra. Ruidos dentro. Entran dúas policías con lanternas mirando para todas partes*)

INSPECTORA: Veña, Martínez, mire ben vostede, non pode estar moi lonxe.

MARTÍNEZ: Pero se non fago outra cousa que mirar, Inspectora Ferreira.

INSPECTORA: Pois polo mesmo, non hai que limitarse a mirar. Iso pódeo facer calquera. O policía debe escrutar, olisquear, ter vista de lince e olfacto de can. Iso ensinoume meu pai e iso quérolle ensinar eu a vostede, Axente Martínez.

MARTÍNEZ: Inspectora Ferreira, todo iso está moi ben, pero se tiveramos uns prismáticos infravermellos ou un radar coma os dos americanos non me faría falla ser como Tarzán dos Monos para traballar, que vaia coa noite que levamos, Ferreira.

INSPECTORA: Mire, Martínez, se non hai vocación, xa lle poden dar a un os trastos de James Bond, que non fará nada. Vocación e estudos, naturalmente. Non se pare, siga, siga. Mire polas fiestra a ver...

MARTÍNEZ: Pero, Inspectora, mirar polas fiestra é que me parece indecente. Como vou andar eu

mirando polas fiestras?

INSPECTORA: Déixese de escrúpulos, axente Martínez. Unha policía demasiado escrupulosa é coma un ciruxán que se marea vendo sangue. Non llo dixo o seu pai? Ademais, esta casa está case toda deshabitada. Non ve que a van tirar? Veña, veña.

MARTÍNEZ: Pero, Inspectora, é que me poño perdida. Aquí non hai máis que po. Alomenos poderíamos ter postos uns traxes de faena ou algo así. Mire, mire como me estou poñendo. (*Sacídese e sae unha gran nube de po*)

INSPECTORA: Estea quieta, Martínez, que me vai dar o ataque de asma. Siga vostede mirando! Condeado colar!

MARTÍNEZ: O que eu lle diga, Inspectora. Prefiro os ladróns de coches. Alomenos non andan polos tellados. (*MARTÍNEZ ilumina coa lanterna a fiestra e descubre a cara de Sabina. Asústase*). Ah!

ESCENA QUINTA

SABINA: Que fai vostede? (*Berra*) Avoa, unha muller!

MARTÍNEZ: (*Confusa*) Perdoe, señorita, vostede perdoe. Inspectora Ferreira!

SABINA: Ladróns! Avoa!

INSPECTORA: Non, señorita, non berre.

SABINA: Policía!

MARTÍNEZ: Non berre vostede. Nós somos...

SABINA: Pepe, pepe! (*Sae Xerardo, agora sen garavata nin chaqueta*)

XERARDO: Pasa algo, boneca?

SABINA: Estas mulleres que queren entrar pola fiestra.

INSPECTORA: Pero escoite, señor

SABINA: Vou charmar á policía.

INSPECTORA: Un momento, un momento, por favor! Nós somos a policía.

XERARDO: Si, eh? A velo!

INSPECTORA: (*Saca a placa*) Mire vostede: Isaura Ferreira, Inspectora de policía.

SABINA: E a outra? (*Sae sen reparar que aínda leva posto o colar*)

INSPECTORA: Veña, Martínez, saque a placa.

MARTÍNEZ: Non a atopo, Inspectora... Debín deixala no coche patrulla. Pero levo uniforme. É que non ven o uniforme?

INSPECTORA: Martínez, pídalle disculpas á señorita, veña!

MARTÍNEZ: Síntoo señorita, vostede perdoe.

INSPECTORA: Iso está mellor. (*Dálle a man a Sabina*) Desculpe vostede, pero ás veces a xente extralimítase no cumprimento do seu deber... Que colar tan bonito leva vostede.

XERARDO: (*Rápido*) Bisutería, de todo a cen.

INSPECTORA: Como di?

XERARDO: Bisutería! Tocoume nunha tómbola nas festas de Bouzas.

SABINA: Pero a min gústame tanto que durmo con el...

XERARDO: Non parece falso, verdade?

MARTÍNEZ: Sí, calquera diría que son diamantes de verdade, eh, Inspectora?

INSPECTORA: Pse... Demasiado gordos para seren auténticos... Ben, señores, imos ao noso traballo.

MARTÍNEZ: Si, estamos na procura dun ladrón de xoias moi perigoso.

INSPECTORA: Peche a boca, Martínez, é segredo profesional. De tódolos xeitos, se ven calquera cousa rara, chámennos.

XERARDO: Non se preocupe.

INSPECTORA: E pechen ben as fiestras... Nunca se sabe o que pode pasar. Despidase, Axente Martínez.

MARTÍNEZ: Boas noites.

INSPECTORA: Veña, Martínez, non se entreteña. (*Sáíndo*) Siga mirando.

MARTÍNEZ: Pero se xa miro.

ESCENA SEXTA

(*Sabina e Xerardo escachan a rir. Sabina ponse seria*)

XERARDO: Estiveches xenial. Es unha artista.

SABINA: Eu non río. Estiven a punto de meterme nun lío pola túa culpa... Debería deixar que te collesen...

XERARDO: Pero, que che pasa? Xa non somos amigos?

SABINA: Déixame en paz. Enganáchesme como a unha parva! Colle o teu colar e vaite!

XERARDO: Pero, espera un momento, muller. Pódese saber...?

SABINA: Que xa estou farta de que se burlen de min toda esta noite. Primeiro as meigas e agora ti! Ti es o ladrón de xoias! Que chourizo! Vaia sorte a miña. Pero, e os outros... por que cho queren quitar? Suponse que sodes colegas!

XERARDO: Colegas? Xa non hai diso...Ti viches que medios teñen? Son máis perigosos que a policía.

SABINA: Ou sexa que estás pillado por todas partes. E se te collen?

XERARDO: Entón, adeus Bon, Xerardo Bon.

SABINA: E por que non te adicas a outra cousa?

XERARDO: Eu só vallo para isto. Cada un naceu para unha cousa.

(*Silencio*)

XERARDO: Ben, voume

SABINA: Debe ser a quinta vez que o dis.

XERARDO: Pois agora vai en serio.

SABINA: Espera que me quito o colar... Non podó.

XERARDO: Eu axúdoche (*Ruido de helicóptero e o foco de luz que varre a escena*) Vaia, home, xa estamos. Adentro! (*Cae sobre eles o foco de luz e escóitase unha voz por megáfono*)

VOZ: Vaia, vaia, Xerardo! (*XERARDO saca un pano e tapa o colar no pescozo de SABRINA*)

SABINA: Que fas? Que pasa agora?

XERARDO: Shhhh. Ti ponte calada. Paréceme que de momento non me vou.

ESCENA SÉTIMA

Entran os malos. Levan traxes de faena negros

MALO: Vaia, vaia. Pillamos a Bon, a Xerardo Bon en persoa. Que ledicia vai levar a xefa! oes, ti?

MALA: (*Que fala co che*) Dechde logo che vai levar unha ledichia tremenda.

MALO: Es un mal rapaz, Xerardo. Non debiches facernos esa faena (Á Mala) Non cres?

MALA: Deschde logo, paschouche de rochsca.

MALO: E iso pode traerche problemas.

MALA: Cherioch problemasch.

MALO: (*Berrando*) Xefa, xa o temos! (*Entra VANESA, a xefa mala, mala. Vai cun traxe de coiro e*

pasamontañas. Saca o pasamontañas e sacude a melena)

VANESA: Boas noites, Bon, Xerardo Bon (*Téndelle a man*). Atopámonos de novo (*Xerardo bica a súa man. SABINA contempla inqueda*)

XERARDO: Boas, querida.

SABINA: (*A XERARDO*). E esa tía quen é?

VANESA: Esta é o teu novo ligue? Un pouco noviña de máis, non?

SABINA: Esta raposa é amiga túa? Pois dille que lisque da miña terraza.

VANESA: Vaia coa amiguiña. Ademais de pouco elegante é mal falada.

MALA: Escho digo eu.

MALO: Defráudasnos, Xerardo.

VANESA: Antes non che gustaban as cousas vulgares.

SABINA: Pero quen vos pensades que sodes?

XERARDO: Calma, calma. Permitídeme que vos presente. Sabina, preséntoche a Vanesa, a raíña dos diamantes.

SABINA: Chámase Vanesa, a tía.

XERARDO: Vanesa, esta é Sabina, princesa dos tellados.

VANESA: Que tal, querida? Como che vai con Xerardo?

XERARDO: Vanesa, por favor!

VANESA: (*Remedándoo*) “Vanesa, por favor!”

MALA: (*Ídem*) “Vanescha, por favor!”

VANESA: (*Rin os malos*) Nunca te mirei tan opoucado. Esta noite na festa estabas máis desenvolto. Daba gloria verte... Pero esta de hoxe non cha perdoo (*Ameazante*) Foi unha xogada moi porca, cariño!

MALO: Moi, moi porca!

VANESA: (*A SABINA*) Non cho contou?

XERARDO: (*Rápido*) Ela non sabe nada.

VANESA: (*A XERARDO*) E agora ti máis eu imos falar de negocios

MALO: Si, imos “falar” (*VANESA acena aos malos, que se achegan ameazantes. VANESA rodea cos seus brazos o pescozo de XERARDO*).

VANESA: Onde está o colar, cariño?

XERARDO: (*No mesmo ton*) Ben gardado, corazón.

VANESA: Podo adiviñar onde está. (*Aos MALOS*) Rexistrádeo (*XERARDO separa os brazos. Os MALOS rexístrano. Ao remataren volven cara a VANESA e encóllense de ombros*)

MALO: Nada

MALA: Vachío coma un decherto, xefa.

VANESA: Rexistrádea a ela tamén.

MALO: Non fai falla, xefa. Non ve como vai vestida... como vai a...?

VANESA: (*A SABINA*) Onde vives? (*SABINA sinala a fiestra e os malos métense a revisar. Ruido de cacharros*) Esta vez pasácheste de listo. O golpe era noso, e ti ben o sabes.

XERARDO: Claro que o sei. Mesmo sei que estabades de acordo con Obelleiro para roubarlle o colar á súa dona. Tanta facilidade! O típico apagón no momento da presentación do colar! Pero, por Deus, se iso é de película barata! E, claro, ao volver a luz o colar non estaba!

VANESA: Logo eu devolvíalle o colar a Obelleiro, Obelleiro volvíao vender e á pobre señora Obelleiro que lle dean! .

XERARDO: Pois esta vez non che saiu ben a xogada.

VANESA: Estiveches moi brillante. só que esta vez a diversión se che acaba pronto. (*Dura*) Onde está o

colar? (*XERARDO, mans nos petos, asubía*). Está ben, está ben. Tino, encárgate del! (*MALO colle a XERARDO. VANESA colle a SABINA e arrástraa ata o borde da terraza que da á rúa*). Veña Xerardo, dime onde está o colar, ou boto a rapaza á rúa. Non vai estar moi guapa con tódolos ósos rotos!

MALA: Moi guapa non vai eschartar toda espatelada!

MALO: Fala dunha vez.

SABINA: Sóltame dunha vez, tía loba! Sóltame ou...

MALO: Váisenos acabar a paciencia!

VANESA: Veña, Xerardo, onde está o colar?

(Nese momento sae a avoa de SABINA. Vai en camisón, bata e pantuflas. Leva rulos e rede. Camiña cos brazos abertos)

ESCENA OITAVA

SABINA: Avoa!

VANESA: Quieta!

SABINA: Avoa! *(Aproveitando a confusión escapa de Vanesa, achégase á súa avoa) Pero, avoa! (Pásalle a man diante da cara)*. Avoa! Está durmida, vai sonámbula.

VANESA: Sonámbula ou non, aquí está de máis *(A MALO)* Tino, leva a vella contigo.

XERARDO: Quieto! Pode espertar de repente, e morrer dun ataque ao corazón. Hai que deixala, téñense dado casos...

MALO: Si, un tío meu morreu diso en Caracas.

MALA: *(Que andaba distraída mirando para a rúa)* Chefa, chefa!

XERARDO, SABINA E MALO: Shhhhh.

MALA: *(Fala baixiño)* Que pacha? Que pacha?

MALO: E a avoa da rapaza.

MALA: Uhhhh, e vai sonámbula.

MALO: E pode espertar. É malo espertar aos sonámbulos. Non te lembrás do meu tío de Caracas?

MALA: Chi, chi. Éche moi perigocho. Ao teu tío eschpertárono e caeu pola ventana.

VANESA: Pero como se complican as cousas. Merda!

MALA: Que traballiño nos eschá a dar o colar!

VANESA: Me cago na tos. Baixádea de aí sen espertala

MALO: Coidado! En canto a toquemos pode espertar e caír á rúa

(Os MALOS intentan sacar á avoa do petril. Óense voces)

VOZ DA INSPECTORA: Veña, Axente Martínez, non se entreteña.

ESCENA NOVENA

(Entran a INSPECTORA e a Axente MARTÍNEZ. Todos disimulan e adoptan unha actitude tranquila)

XERARDO: Vaia, Inspectora Ferreira, qué sorpresa! Que ledicia vela por aquí!

INSPECTORA: Boas noites, señores. Saúde, Martínez.

MARTÍNEZ: Boas noites.

XERARDO: Voulle presentar á miña cuñada. Inspectora: A miña cuñada, Vanesa.

VANESA: Encantada.

MARTÍNEZ: Moita anima...

INSPECTORA: Moita animación vexo por aquí.

MALO: É que estamos facendo...

XERARDO: (*Rápido*)... unha reunión de veciños

MARTÍNEZ: A estas horas?

INSPECTORA: Silenzo, Martínez! A estas horas?

MALA: E que quere voschtede?

MALO: Coa vida tan axetreada que temos.

XERARDO: E os horarios que temos. Este señor (*por MALO*) é vixiante nocturno. E estoutra (*por MALA*) é vendedora de peixe na lonxa de mañá cedo.

MALA: Hoche libro. Soamente hoche.

SABINA: E a señora (*por VANESA*) traballa de noite nun puticlub.

VANESA: Son cantante.

INSPECTORA: (*Con sorna*) Xa... cantante!

MALO: Así que esta hora é a que máis nos convén.

MALA: Echstamoch decidindo onde poñer a antena colectiva.

INSPECTORA: E... que fai esa señora (*pola avoa*)

XERARDO: Pois... nada.

MALO: Facer, o que é facer, non fai nada.

SABINA: Durme.

MALA: É chonámbula.

INSPECTORA: Sonámbula? (*Achégase a avoa e coa lanterna enfócalle a cara*)

TODOS: Noooooon!

XERARDO: Que vai espertar!

SABINA: Pode caír.

VANESA: Teña coidado!

MALO: E pode morrer dun ataque ao corazón!

MALA: Echte ten un tío que che morreu achí en Caracas.

MARTÍNEZ: Efectivamente, Inspectora. Téñense dado casos nos que un espertar repentino nun estado de sonambulismo tivo graves consecuencias.

INSPECTORA: Está ben, Martínez, está ben. Vostede concéntrese no que interesa. Non se pode perder o siso así.

XERARDO: Atoparon algo?

MARTÍNEZ: Non!

INSPECTORA: Silenzo, Martínez! É segredo profesional. Estamos sobre a pista. De momento, é confidencial. Despídase, axente Martínez.

MARTÍNEZ: Boas noites (*Xesto de irse. Detense. A Xerardo*) Por certo, onde me dixo que comprara o colar que levaba antes a señorita? (*Silenzo. Todos miran a SABINA*).

XERARDO: O colar?... Na... Na tómbola das festas de Bouzas.

SABINA: É que Xerardo ten moita sorte.

MARTÍNEZ: Xerardo?

SABINA: Pepe!

MARTÍNEZ: É que, sabe? Gustaríame regalarlle un a miña nai. Está de cumpreanos a semana que vén. E xa está velliña. Como pasa o tempo!

MALA: Dechde logo! Chon cha ach catro e media!

INSPECTORA: Veña, Martínez, que nos van dar as uvas. Encantada... Martínez!

MARTÍNEZ: Si, claro, pois ben... Adeus (*Dálle a man a XERARDO*)

SABINA: (*Rápida*) Martínez, agarda! (*MARTÍNEZ dá a volta*). Ten, regálocho (*Quita o pano do pescozo y brila o colar*).

VANESA: Que dis?

SABINA: Vanesa, cariño, é meu e podo facer con el o que queira. Non si, Pepe? Veña, axuda a quitarmo...

MALO: Xefa!!!

MALA: Ochtrach!!!

XERARDO: (*Dubida*) Como non, boneca? (*Axúdalle, consígueno, e SABINA dálle o colar a MARTÍNEZ*)

SABINA: Toma, que a túa nai teña un feliz cumpreanos.

MARTÍNEZ: (*Trémelle a voz*) Grazas. (*Mete o colar no peto. Doutro saca un pano co que se soa ruidosamente*). Non sei que dicir, grazas. (*SABINA e MARTÍNEZ danse unha aperta*)

INSPECTORA: Martíiiiiinez!!!

XERARDO: Unha aperta, muller!

MARTÍNEZ: Sí (*Danse unha aperta*). Grazas, grazas (*Sae sonándose*)

ESCENA DÉCIMA

XERARDO: Vanesa. cariño. Esta vez quedamos a dúas velas.

VANESA: (*Aos MALOS*) Veña, seguíde ás polis e averiguade onde viven.

MALO: Pero, xefa, é que non imos parar esta noite?

MALA: Eu ehtou feita unha chombie!

VANESA: Veña, veña, obedecede. (*Saen os MALOS. SABINA con coidadiño foi levando á avoa cara a fiestra*) Mira, rapaciña, xúroche que te vas lembrar de min.

XERARDO: Déixaa en paz, Vanesa. Amólate que che ganase pola man. Perdes facultades, Vanesa.

VANESA: Mira quen foi falar, o galán de opereta! Estás acabado, Xerardo. Rematou a túa carreira.

SABINA: Cala a boca, miñoca. E larga!

XERARDO: Si, Vanesa, que xa fixeches bastante o ridículo deixándote enganar por unha rapaciña! Vai descansar ata o próximo asalto.

VANESA: (*Sorrí de súpeto e dálle unha aperta a XERARDO*) Tes razón, Xerardo. Espero que o noso vindeiro encontro sexa amistoso.

XERARDO: Eu tamén, nena. Cóidate moito.

ESCENA DÉCIMO PRIMEIRA

XERARDO: (*Tras pausa*) Parabéns, Sabina. Es un xenio, sabes? Non sabía como saír desta.

SABINA: (*Anoxada*) Vale, adeus!

XERARDO: Pero, outra vez de fuciños?

SABINA: Gústache máis que eu?

XERARDO: Perooo... O teu é diferente. Ti es unha amiga. Pero eu non quería despedirme así.

SABINA: (*Rápida*) É que xa marchabas? (*XERARDO asente*) Para sempre? (*XERARDO asente*). Déixame ir contigo, veña.

XERARDO: É imposible, como te vou levar?

SABINA: Pero é que eu quero vivir coma ti.... Ter aventuras, correr riscos...

XERARDO: O risco xa o ves. Xógome a vida porque a ninguén lle importo. E se un día perdo, plaf!!

Nada. Non pode ser, non podes vir comigo.

SABINA: Pero, por que?

XERARDO: Porque non.

SABINA: Por que non?

(Silenzo)

XERARDO: Porque non!

SABINA: Vale, adeus! *(Métese na casa. Pausa. XERARDO peta na fiestra)*

XERARDO: Sabina! Sabina!

SABINA: *(Dentro)* Déixame durmir, mañá teño clase.

XERARDO: Pero mira que es teimuda. Abre! *(Silenzo. Sabina sae despazo chorando. XERARDO mete a man no peto e saca o colar)*

SABINA: *(Mira para el e mira para o colar)* Tiñalo ti! *(Ri)* Pobre Martínez.

XERARDO: Ten, con agarimo do teu Pepe. E agora, adeus de verdade.

SABINA: Grazas, adeus *(Pecha os ollos agardando o bico. El dálle un bico na fronte. SABINA agárrao e dálle unha aperta)* Teño dezaseis anos, non seis.

VOZ DE VANESA: Bravo, bravo. Dálle outro *(Entra VANESA cunha pistola).*

ESCENA DUODÉCIMA

VANESA: Que barbaridade! Esta meniña quería rematar a aventura cun bico coma nas películas de amor! Ai que ver como é a xuventude de hoxe en día!

SABINA: Que fai esta loba aquí outra vez?

VANESA: Rematou o xogo, querida. Quedaches sen regalo. Veña, o colar!

SABINA: Diso nada *(Ponse no petril)*. Se te achegas, tírome.

VANESA: *(Suave)* Se te tiras, mátaste.

SABINA: *(Imitando o seu ton)* Se me mato, adeus colar.

VANESA: Maldita sexa! *(Vólvese e apunta a Xerardo)* Dame o colar, ou mátoo a el.

XERARDO: Vanesa, por Deus!

SABINA: Non o mates. Toma o colar *(Tirallo a Xerardo, que o colle no aire)* Corre, corre! *(Sae XERARDO, correndo con colar)*

VANESA: Coitado! *(Entra XERARDO, collido polos MALOS)* Velo, cariño? Xa cho dixen: non se xoga coa tía Vanesa.

SABINA: Tía repugnante!

VANESA: Hai que ver o malcriada que vos é esta rapaza *(Ruido de helicóptero)* Veña, dame dunha vez o maldito colar, que xa estou farta deste asunto!

XERARDO: Síntocho ben. É un regalo que lle prometín a unha rapaza.

VANESA: Acobóuseme a paciencia *(VANESA apunta a XERARDO)*

ESCENA DECIMOTERCEIRA

(Entra unha policía municipal)

MUNICIPAL: É dalgún de vostedes o helicóptero azul que está aparcada aí enfronte?

XERARDO: Vanesa, querida, xa che dixen mil veces que non deixes o helicóptero aparcado en dobre fila *(Á MUNICIPAL)*. É a miña cuñada, sabe?

MUNICIPAL: O piloto dixo que agardaba por unha señorita. *(A VANESA)* É vostede?

XERARDO: Contesta, querida *(Á MUNICIPAL)* Si, é ela... É estranxeira, sabe vostede?

MUNICIPAL: Ben, pois faga o favor de retirar o vehículo, porque está na zona de hora e vostede non ten tarxeta de residente. Ademais non se pode aparcar helicópteros así polas boas

XERARDO: Veña, cariño, vaite. (*Dálle dous bicos*). Dálle un saúdo aos tíos. Cóidate, meniña, que estás engordando. (*VANESA sae seguida dos MALOS e da MUNICIPAL. Silenzo, logo escóitase o helicóptero que marcha*)

ESCENA DECIMOCUARTA

XERARDO: Ben, pois agora, si. Adeus, toma (*Dálle o colar*) Déixocho en prenda.

SABINA: En prenda de que?

XERARDO: Virei buscalo cando teñas dezaioito anos.

SABINA: Formamos un bo equipo, non?

XERARDO: O mellor. (*Pausa. XERARDO marcha*). Adeus, que descanses, boas noites.

SABINA: Adeus... e cando esteas por aí, por eses mundos de Deus, lembra que agora si que hai alguén que pensa en ti... Adeus (*XERARDO bótalle un bico coa man e vaise. SABINA entra pola fiestra, péchaa, apaga a luz. Empeza a facerse de día*)

ESCENA DECIMOQUINTA

CRÍSPULA: Que barbaridade! Que traballiño pasei organizando todo isto!

ISOLDA: Tampouco foi para tanto, houbo algún que outro fallo na historia.

CRÍSPULA: Mira, Isolda, non empecemos, eh? Non empecemos!

EDELMIRA: Xa estamos? Xa estamos? A ver se temos que facer a parvada esa da nena orfa para que non vos pelexedes!

ISOLDA: Pois filliña, a ti ben cómodo que che resultou. Mira, mira... non me quentes que che vou meter o cu en auga quente.

EDELMIRA: Eh? E logo todo o traballo de coordinación de personaxes quen o fixo se non eu?

HERMINDA: Eu tamén cooperei...

ISOLDA: E o de Xerardo, que foi unha obra mestra, quen o fíxo?

HERMINDA: Iso si, o de Xerardo foi xenial!

CRÍSPULA: Ben, filliñas, pois con isto e un biscoito... ata mañá ás oito... Non estivo nada mal, verdade?

ISOLDA: Ai, querida, que va! Estivo requetebén.

HERMINDA: Veña, Edelmira, vai recollendo, que nos piramos, eu xa teño fame.

EDELMIRA: Veña, veña... apurade, que se nos fai de día.

CRÍSPULA: Non empurres!!!

ISOLDA: Veña, que estades coma focas... Veña! (Saen)

FIN

